

INFORME SOBRE A ENQUISA TRIMESTRAL DE CUSTO LABORAL

Segundo trimestre de 2018

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2018

Enquisa trimestral de custo laboral (ETCL). Segundo trimestre de 2018

- O custo laboral das empresas aumentou en Galicia un 1,9% no segundo trimestre de 2018 con respecto ao mesmo período do ano anterior, 1,2 puntos máis que no conxunto de España (0,7%). O custo laboral total en Galicia é de 2.301,86 euros, 300,15 euros inferior á media nacional (2.602,01 euros).
- O custo salarial creceu en Galicia un 2,2% no segundo trimestre de 2018 con respecto ao mesmo período do ano anterior mentres que en España o incremento é dun 0,5%. O custo salarial en Galicia sitúase nos 1.699,6 euros mentres que a media do conxunto de España é de 1.951,81 euros.
- O custo laboral por hora efectiva no segundo trimestre do ano diminúe en Galicia o 1,2% e en España o 1,9%.
- Por comunidades autónomas, os maiores incrementos do custo laboral rexístranse en Cantabria e Navarra, mentres que diminúe en cinco comunidades.
- A xornada semanal media pactada é de 34,8 horas semanais en Galicia e de 34,3 horas en España.


Custo laboral. Segundo trimestre de 2018			
Taxa de variación anual do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
	Custo total	2.301,86	1,9
	Custo salarial total	1.699,60	2,2
	Outros custos	602,26	0,9
	Cotizacións obrigatorias	556,13	1,0
	Percepcións non salariais	56,19	0,4
	Subvencións e bonificacións⁽¹⁾	10,06	8,6

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

1. Custo laboral segundo os seus compoñentes

O custo laboral por traballador e mes acada os 2.301,86 euros no segundo trimestre de 2018, co que aumenta un 1,9% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior. En España o custo laboral aumenta un 0,7% e supera en 300,15 euros o custo laboral en Galicia.

O seguinte gráfico amosa a evolución do custo laboral por traballador e mes.




O custo laboral pode desagregarse en dous grupos: custo salarial e outros custos.

- O **Custo salarial**, que comprende salario base, complementos salariais, pagos por horas extraordinarias, pagos extraordinarios e pagos atrasados, medidos en termos brutos, acada os 1.699,60 euros por traballador e mes en Galicia, o que supón un incremento do 2,2%. En España, o custo salarial aumenta un 0,5%.
- Se se exclúe o factor variable dos salarios (pagos extraordinarios e atrasados), obtense o custo salarial ordinario, que aumenta o 1,9% en Galicia, acadando os 1.488,25 euros. En España, o custo salarial ordinario é de 1.646,51 euros, cun incremento do 1,1% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.
- Os **Outros custos**, que comprenden principalmente as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e as percepcións non salariais (indemnizacións, prestacións sociais,...) sitúanse en 602,26 euros en Galicia, co que se incrementan un 0,9%, mentres que en España aumentan un 1,2%, ata os 650,20 euros. O incremento dos Outros custos en Galicia débese principalmente ao aumento do 1,0% nas cotizacións obrigatorias á Seguridade Social, unha décima máis que no conxunto do Estado (0,9%). As percepcións non salariais aumentan un 0,4% fronte ao 3,3% no conxunto de España.

2. Custo laboral segundo actividade económica


Desagregando segundo sectores de actividade económica, o custo laboral total aumenta na industria e na construción mentres que diminúe nos servizos.

Na **Industria** o Custo total aumenta un 4,6% debido ao incremento do 5,7% do Custo salarial total. Os Outros custos aumentan un 1,8%, cun incremento das cotizacións obrigatorias (3,1%) e un descenso das percepcións non salariais (-11,1%).

INDUSTRIA. Segundo trimestre de 2018			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
	Custo total	2.714,5	4,6
	Custo salarial total	1.997,3	5,7
	Outros custos	717,2	1,8
	Cotizacións obrigatorias	673,1	3,1
	Percepcións non salariais	55,1	-11,1
	Subvencións e bonificacións⁽¹⁾	11,0	5,0

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

O incremento do 16,6% do Custo total na **Construción** ven motivado principalmente polo incremento do Custo salarial total (17,0%). Os Outros custos aumentan un 15,5% debido, sobre todo, ás percepcións non salariais (86,2%).

CONSTRUCCIÓN. Segundo trimestre de 2018			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
	Custo total	2.824,3	16,6
	Custo salarial total	1.967,5	17,0
	Outros custos	856,9	15,5
	Cotizacións obrigatorias	667,1	4,1
	Percepcións non salariais	199,4	86,2
	Subvencións e bonificacións⁽¹⁾	9,6	60,3

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

Nos **Servizos** o Custo total diminúe un 0,5%. O Custo salarial diminúe o 0,2% e os Outros custos o 1,3%. As cotizacións obrigatorias á Seguridade Social aumentan o 0,1% mentres que as percepcións non salariais diminúen o 13,5%.

SERVIZOS. Segundo trimestre de 2018			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
-0,5	Custo total	2.152,2	-0,5
-0,2	Custo salarial total	1.601,8	-0,2
	Outros custos	550,4	-1,3
0,0	Cotizacións obrigatorias	517,2	0,1
-0,3	Percepcións non salariais	43,1	-13,5
0,0	Subvencións e bonificacións⁽¹⁾	9,9	6,6

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

O custo laboral na Industria en Galicia é inferior en 420,44 euros á media nacional, mentres que na Construción é superior en Galicia en 103,53 euros.

3. Tempo de traballo

No segundo trimestre de 2018, a xornada semanal media pactada en Galicia é de 34,8 horas semanais, e destas, pérdense 3,6 horas semanais. En España, a xornada semanal pactada é de 34,3 horas, das que se perden 3,4 horas semanais.

Se se engaden horas extras e se restan as horas perdidas, a xornada efectiva é de 31,4 horas semanais en Galicia e de 31,0 horas no conxunto do Estado.

O custo laboral total por hora efectiva diminúe en Galicia o 1,2% e en España o 1,9%, debido a un maior número de horas traballadas, ao coincidir neste ano a Semana Santa no primeiro trimestre mentres que no ano anterior foi no segundo.


**Custo laboral por hora efectiva.
Segundo trimestre de 2018**

	Euros	Taxa interanual
Galicia		
Custo laboral total	16,9	-1,2
Custo salarial total	12,4	-0,9
Outros custos	4,4	-2,2
España		
Custo laboral total	19,3	-1,9
Custo salarial total	14,5	-2,1
Outros custos	4,8	-1,4

Fonte: INE

4. Custo laboral corrixido de estacionalidade e calendario

Se eliminamos os efectos estacionais e de calendario, o custo laboral por traballador rexistra un incremento do 1,6% respecto ao mesmo trimestre de ano anterior.




5. Custo laboral por comunidades autónomas

Por comunidades autónomas, o custo laboral máis elevado corresponde a Madrid e País Vasco, que superan en máis de 350 euros a media nacional, mentres que en Extremadura e Canarias o custo laboral é inferior á media nacional na mesma cantidade.

As comunidades nas que máis creceu o custo laboral foron Cantabria (4,3%) e Navarra (3,1%). En cinco comunidades diminúe o custo laboral, rexistrándose o maior descenso en Andalucía (-1,8%).

Custo laboral total. 2º trimestre de 2018

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

A Enquisa trimestral de custo laboral ten por obxectivo coñecer a evolución do custo laboral medio por traballador e por hora efectiva de traballo.

Investíganse os traballadores asalariados por conta allea asociados as Contas de Cotización á Seguridade Social incluídas no Réxime Xeral e cuxa actividade económica estea encadrada nas seccións B a S da CNAE-09 e no Réxime Especial de traballadores do mar e cuxa actividade económica é o transporte marítimo.

Custo laboral: custo no que incorre o empregador pola utilización de factor traballo. Comprende un amplo grupo de partidas que a enquisa recolle en dous bloques principais: custos salariais e outros custos.

Custo salarial: comprende todas as percepcións económicas realizadas aos traballadores, en efectivo ou en especie, pola prestación profesional dos servizos laborais por conta allea, xa retribúan o traballo efectivo, calquera que sexa a forma de remuneración, ou os períodos de descanso computables como de traballo.

Outros custos: inclúen as percepcións non salariais e as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social.

Hora efectiva: son as horas realmente traballadas tanto en períodos normais de traballo como en xornada extraordinaria, incluíndo as horas perdidas no lugar de traballo, que teñen a consideración de tempo efectivo en virtude da normativa vixente.

Custo laboral por traballador e mes: mide o custo que supón para o empresario empregar a un traballador durante un mes.

Custo laboral por hora efectiva de traballo: mide o custo que supón para o empresario unha hora efectiva de traballo.

O custo debe ser medido en termos netos para o empregador, é dicir, deducindo as diversas subvencións recibidas.

Anexo cadros

Cadro 1.- Custo laboral por sectores económicos segundo os seus compoñentes. Segundo trimestre de 2018

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
Galicia								
Custo laboral total	2.301,86	1,9	2.714,45	4,6	2.824,34	16,6	2.152,18	-0,5
Custo salarial total	1.699,60	2,2	1.997,26	5,7	1.967,49	17,0	1.601,79	-0,2
Custo salarial ordinario	1.488,25	1,9	1.734,28	5,0	1.525,53	3,2	1.424,59	0,9
Outros custos	602,26	0,9	717,19	1,8	856,85	15,5	550,39	-1,3
Cotizacións obrigatorias	556,13	1,0	673,09	3,1	667,11	4,1	517,16	0,1
Percepcións non salariais	56,19	0,4	55,05	-11,1	199,36	86,2	43,11	-13,5
Subvencións e bonificacións	10,06	8,6	10,95	5,0	9,62	60,3	9,89	6,6
España								
Custo laboral total	2.602,01	0,7	3.134,89	0,9	2.720,81	0,3	2.496,92	0,7
Custo salarial total	1.951,81	0,5	2.341,44	1,0	1.958,95	0,8	1.880,83	0,4
Custo salarial ordinario	1.646,51	1,1	1.925,72	1,1	1.613,23	0,2	1.598,47	1,2
Outros custos	650,20	1,2	793,45	0,9	761,86	-0,8	616,09	1,4
Cotizacións obrigatorias	595,78	0,9	731,96	1,1	685,06	1,4	564,59	0,8
Percepcións non salariais	66,97	3,3	72,11	-2,5	85,69	-16,2	64,66	6,8
Subvencións e bonificacións	12,54	-1,5	10,62	-8,4	8,89	-5,4	13,16	-0,2

Fonte: INE

Cadro 2.- Custo laboral por hora efectiva. Segundo trimestre de 2018

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
Galicia								
Custo laboral total	16,9	-1,2	18,3	0,3	18,7	15,2	16,3	-3,4
Custo salarial total	12,4	-0,9	13,5	1,4	13,0	15,7	12,1	-3,0
Custo salarial ordinario	10,9	-1,2	11,7	0,7	10,1	2,0	10,8	-2,0
Outros custos	4,4	-2,2	4,8	-2,4	5,7	14,1	4,2	-4,4
España								
Custo laboral total	19,3	-1,9	21,2	-2,3	18,0	-2,5	19,0	-1,7
Custo salarial total	14,5	-2,1	15,9	-2,3	13,0	-2,0	14,3	-2,0
Custo salarial ordinario	12,2	-1,5	13,0	-2,2	10,7	-2,6	12,2	-1,3
Outros custos	4,8	-1,4	5,4	-2,4	5,0	-3,8	4,7	-0,8

Fonte: INE

Cadro 3.- Horas semanais por traballador e mes¹. Segundo trimestre de 2018

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas
Galicia								
Ambas xornadas	31,4	3,6	34,0	4,2	34,8	3,7	30,4	3,4
Tempo completo	35,0	4,1	34,0	4,4	35,6	3,8	34,9	4,0
Tempo parcial	18,0	1,7	21,7	2,6	13,8	0,6	17,7	1,6
España								
Ambas xornadas	31,0	3,4	34,0	4,0	34,8	3,1	30,2	3,4
Tempo completo	35,0	4,0	35,4	4,2	36,1	3,3	34,9	4,0
Tempo parcial	18,6	1,7	20,3	1,8	18,7	1,3	18,5	1,8

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos difundidos polo INE

¹ A efectos de cálculo, considéranse 4,35 semanas ao mes

Cadro 4.- Custo laboral total. Segundo trimestre de 2018

	Custo laboral por traballador e mes			Custo laboral por hora efectiva		
	Euros	Índice 2012=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2012=100	Taxa interanual
España	2.602,0	102,4	0,7	19,3	98,7	-1,9
Andalucía	2.297,3	99,5	-1,8	17,1	94,9	-3,5
Aragón	2.553,9	105,5	1,8	19,2	101,2	-1,2
Asturias	2.684,0	107,8	0,9	20,0	103,5	-2,1
Baleares, Illes	2.494,0	105,4	2,7	17,7	101,1	0,7
Canarias	2.223,2	105,5	1,0	16,4	103,4	0,4
Cantabria	2.516,0	109,5	4,3	18,6	104,0	2,6
Castilla y León	2.354,2	100,4	1,5	18,0	97,5	-1,7
Castilla-La Mancha	2.335,2	100,2	-0,5	17,6	99,4	-4,5
Cataluña	2.804,7	103,0	1,1	20,7	98,5	-1,6
Comunitat Valenciana	2.336,9	101,5	-0,1	17,6	98,9	-1,7
Extremadura	2.148,7	100,2	1,5	16,3	98,3	-1,4
Galicia	2.301,9	104,3	1,9	16,9	100,6	-1,2
Madrid	3.053,6	103,5	1,1	22,1	100,9	-1,5
Murcia	2.289,9	99,4	-0,2	16,9	93,2	-5,1
Navarra	2.841,1	107,4	3,1	21,3	100,4	-0,7
País Vasco	2.967,8	99,9	1,6	22,8	94,4	-2,5
Rioja, La	2.417,3	102,7	-0,3	18,2	96,9	-4,8

Fonte: INE

Cadro 5.- Custo salarial. Segundo trimestre de 2018

	Custo salarial por traballador e mes			Custo salarial por hora efectiva		
	Euros	Índice 2012=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2012=100	Taxa interanual
España	1.951,8	103,6	0,5	14,5	99,9	-2,1
Andalucía	1.712,1	100,8	-1,8	12,8	96,1	-3,5
Aragón	1.888,1	105,7	-0,2	14,2	101,5	-3,1
Asturias	2.024,6	110,3	0,4	15,1	105,9	-2,7
Balears, Illes	1.857,3	106,5	3,0	13,2	102,1	1,0
Canarias	1.646,4	106,0	1,3	12,2	103,9	0,7
Cantabria	1.873,5	111,0	4,0	13,8	105,3	2,4
Castilla y León	1.757,2	102,9	1,5	13,4	100,0	-1,7
Castilla-La Mancha	1.724,6	101,1	-1,2	13,0	100,3	-5,2
Cataluña	2.124,9	104,5	0,9	15,7	99,9	-1,9
Comunitat Valenciana	1.743,7	102,8	-0,5	13,2	100,2	-2,0
Extremadura	1.610,6	101,3	1,9	12,2	99,5	-1,0
Galicia	1.699,6	105,0	2,2	12,4	101,2	-0,9
Madrid	2.324,7	105,0	1,2	16,9	102,5	-1,3
Murcia	1.702,5	100,6	-0,8	12,5	94,3	-5,7
Navarra	2.113,2	108,6	2,8	15,8	101,5	-0,9
País Vasco	2.186,7	98,3	1,1	16,8	92,9	-3,1
Rioja, La	1.791,6	103,1	-1,9	13,5	97,1	-6,3

Fonte: INE

Cadro 6.- Outros custos. Segundo trimestre de 2018

	Outros custos por traballador e mes			Outros custos por hora efectiva		
	Euros	Índice 2012=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2012=100	Taxa interanual
España	650,2	99,0	1,2	4,8	95,3	-1,4
Andalucía	585,2	96,0	-2,0	4,4	91,6	-3,5
Aragón	665,9	104,7	8,0	5,0	100,2	4,6
Asturias	659,4	100,8	2,6	4,9	96,9	-0,2
Balears, Illes	636,6	102,3	1,7	4,5	98,3	-0,2
Canarias	576,8	104,2	0,2	4,3	101,9	-0,5
Cantabria	642,5	105,5	5,1	4,7	100,2	3,3
Castilla y León	597,0	93,6	1,3	4,6	90,8	-1,9
Castilla-La Mancha	610,6	97,6	1,7	4,6	96,8	-2,3
Cataluña	679,9	98,5	2,0	5,0	94,4	-0,6
Comunitat Valenciana	593,3	97,8	1,0	4,5	95,3	-0,7
Extremadura	538,1	96,9	0,4	4,1	94,9	-2,6
Galicia	602,3	102,4	0,9	4,4	98,9	-2,2
Madrid	728,9	98,8	0,6	5,3	96,2	-2,0
Murcia	587,5	96,1	1,4	4,3	90,4	-3,3
Navarra	727,9	104,0	3,9	5,5	97,1	0,0
País Vasco	781,1	104,5	3,2	6,0	98,8	-1,0
Rioja, La	625,7	101,5	4,6	4,7	96,1	0,0

Fonte: INE